Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O home que chamou polo trono

En Santiago de Albá, concello de Palas de Rei (Lugo) pasou unha desgraza no ano vinteún do século XX. Era polos Milagres e presentouse unha treboada, e dicíanlle:

¡Baixa, Manolo, baixa!

Un home dicíalle así ao trono. Tanto llo dixo que o trono baixou e rompeu o campanario da igrexa de Albá.

A aquel home pedíronlle cartos para pagar os danos que causara o trono, mil cincocentas pesestas, pero o home non as quixo pagar.

Mais cando lle morreu a muller quixo que lle tocaran as campás da igrexa. Non lle deixaron; ata que pagara as mil cincoentas pesetas non llas deixaban tocar.

[Información dunha muller, 15 anos, Albá, Palas de Rei (Lugo), 8 de novembro de 1992]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

PEREIRO PÉREZ, Xerardo: Narracións orais do concello de Palas de Rei, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 1995.